

§13º. Decreto 430/1991, do 30 de decembro,  
polo que se regula a tramitación para a  
declaración de ben de interese cultural  
e se crea o rexistro de bens de interese  
cultural para Galicia

(DOG núm. 14, do 22 de xaneiro, de 1992)

**Artigo 1'**

- 1 Integran o patrimonio histórico de Galicia os bens mobles, inmobles e inmateriais de interese artístico, histórico, paleontolóxico, arqueolóxico, etnográfico, científico ou técnico de interese para Galicia. Así mesmo, forman parte del o patrimonio documental e bibliográfico, os depósitos e zonas arqueolóxicas, así como os sitios naturais, xardíns e parques que teñan valor artístico, histórico ou antropolóxico de interese para Galicia.
- 2 Os bens mobles, inmobles e inmateriais máis sobranceiros do patrimonio histórico de Galicia deberán ser inventariados ou declarados bens de interese cultural.
- 3 A declaración de ben de interese cultural farase de acordo co previsto no presente decreto.

**Artigo 2**

314

- 1 Os bens inmobles integrados no patrimonio histórico de Galicia poderán ser declarados monumentos, xardíns, conxuntos e sitios históricos, así como zonas arqueolóxicas e lugares etnográficos de acordo co previsto no presente decreto.
  - a. Son monumentos aqueles bens inmobles que constitúen realizacións arquitectónicas ou de enxeñería, ou obras de escultura colosal, sempre que teñan un interese histórico, artístico, científico ou social.
  - b. Son xardíns históricos os espazos delimitados, produto da ordenación polo home de elementos naturais, por veces complementados con estrutura de fábrica, e considerados de interese en función da súa orixe ou pasado histórico ou dos seus valores estéticos, sensoriais ou botánicos.
  - c. Son conxuntos históricos as agrupacións de bens inmobles que forman unidades de asentamento, continuo ou disperso, condicionadas por unha estrutura física representativa da evolución dunha comunidade humana por seren testemuña da súa cultura ou constituíren un valor de uso e goce para a colectividade. Así mesmo, terá carácter de con-
- 1 • Véxase ós artigos 8 e seguintes da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia. Texto reproducido neste libro (§4º.).

xunto histórico calquera núcleo individualizado de inmobles comprendidos nunha unidade superior de poboación que reúna esas mesmas características e poida ser claramente delimitado.

- d. Son sitios históricos os lugares ou paraxes naturais vinculados a acontecementos ou lembranzas do pasado, a tradicións populares, creacións culturais ou da natureza e a obras realizadas polo home, que posúan valor histórico, paleontolóxico ou antropolóxico.
- e. Zonas arqueolóxicas son os lugares ou paraxes naturais nos que existen bens mobles ou inmobles susceptibles de seren estudados con metodoloxía arqueolóxica, fosen ou non extraídos e se atopen na superficie, no subsolo, ou no mar territorial.
- f. Lugares etnográficos son aqueles sitios naturais, construcións ou instalacións vinculados a maneiras de vida, de cultura e de actividades tradicionais que sexan merecentes de seren protexidos dado o seu valor etnográfico.

## Artigo 3

§13º

- 1 Os expedientes de declaración de ben de interese cultural poderanse iniciar de oficio ou por instancia de parte.
- 2 Considéranse parte, para o obxecto da presente disposición:
  - a. As comisións territoriais do Patrimonio Histórico–Artístico.
  - b. As corporacións locais con competencia no territorio no que estea situado o ben.
  - c. O Consello da Cultura Galega, as universidades galegas e as reais academias.
  - d. As asociacións culturais inscritas no Rexistro da Consellería de Cultura e Xuventude que teñan como obxectivo a defensa do patrimonio.
  - e. Calquera persoa, titular ou non de interese lexítimo sobre o ben que se pretende declarar.
- 3 A incoación de expediente de declaración de ben de interese cultural, calquera que sexa a natureza deste, será iniciada pola Consellería de Cultura e Xuventude mediante resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental.

#### **Artigo 4**

- 1 Xuntarase á solicitude de declaración de ben de interese cultural a documentación que figura no anexo do presente decreto. En todo caso, identificarase de maneira concreta e exhaustiva o ben que se pretende declarar.

#### **Artigo 5**

Na tramitación do expediente de declaración dun inmovible como ben de interese cultural deberán considerarse as súas relacións coa área territorial a que pertence, así como a protección dos accidentes xeográficos e elementos naturais que conforman o seu contorno.

#### **Artigo 6**

- 1 A Consellería de Cultura e Xuventude, a través da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental, solicitará informe da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico–Artístico correspondente, cando o expediente non fose iniciado por instancia súa e en todo caso dalgúns dos órganos asesores en materia de patrimonio histórico que se establezan como tales. A emisión dos referidos informes farase nun prazo non superior a tres meses.
- 2 En calquera momento a Consellería de Cultura e Xuventude poderá efectuar a inspección directa do ben que se pretende declarar como ben de interese cultural, e solicitar todo tipo de información e comprobación.

316

#### **Artigo 7**

- 1 A Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental da Consellería de Cultura e Xuventude, vistos os informes e oídos os servizos técnicos, resolverá a incoación ou non do expediente de declaración de ben de interese cultural.
- 2 No caso de non se acordar a incoación, comunicaráselles tal resolución ó solicitante e ás demais partes que interviron no expediente, dándose por concluído este.
- 3 Se a resolución de incoación de expediente de declaración de ben de interese cultural fose favorable, comunicaráselles ós interesados así como ó concello ou concellos nos que este estea situado.

- a. A incoación de declaración de ben de interese cultural publicarase no Diario Oficial de Galicia sen prexuízo da súa eficacia dende a notificación. Se se trata de bens inmobles, abrirase un período de información pública por un prazo de dez días hábiles, e daráselles audiencia ó concello ou concellos con competencia no territorio no que está situado o ben obxecto de incoación.
  - b. Comunicaranse así mesmo a esta incoación para a súa inscrición preventiva no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia.
- 4 A incoación de expediente de declaración determinará a aplicación provisional do réxime de protección previsto para tal efecto na Lei 16/1985.

### Artigo 8

- 1 A declaración de ben de interese cultural efectuarase mediante decreto da Xunta de Galicia e o acordo describirá clara e exhaustivamente o ben obxecto da declaración e, no caso de inmobles, o contorno afectado, as partes integrantes, as pertenzas, os accesorios e os bens mobles e documentais que pola súa vinculación deban ser obxecto de incorporación na declaración.
- 2 A Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental elevaralle a proposta de declaración de ben de interese cultural ó conselleiro de Cultura e Xuventude para a súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia, se procedese.
- 3 Transcorrido o período de información pública, e unida ás alegacións ó expediente, a Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental da Consellería de Cultura e Xuventude, nun prazo non superior ós vinte meses, tomará o acordo sobre a procedencia da declaración, notificándolles este ós interesados, e inscribíndoo no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia, así como comunicándoo ó Rexistro Xeral de Bens de Interese Cultural do Ministerio de Cultura, tal e como establecen os artigos 12 da Lei 16/1985 e 21 do Real decreto 111/1986.

### Artigo 9

Unha vez publicada no Diario Oficial de Galicia a declaración dun ben de interese cultural, a Consellería de Cultura e Xuventude solicitará do Ministerio de Cultura a súa inscrición definitiva como ben de interese cultural.

## Artigo 10

- 1 Cando se trate de monumentos ou xardíns históricos, a Xunta de Galicia, instará a súa inscrición, unha vez declarados como bens de interese cultural, no Rexistro da Propiedade mediante a presentación da correspondente certificación administrativa expedida pola Consellería de Cultura e Xuventude. Esta inscrición será gratuíta para os propietarios dos devanditos bens.

## Artigo 11

- 1 Instruído o expediente de declaración de ben de interese cultural, se a Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental da Consellería de Cultura e Xuventude acordase a non procedencia da declaración, o acordo seralles notificado ós interesados así como ós organismos asesores ós que lles foi solicitado informe.
- 2 Se a Consellería de Cultura e Xuventude decidise deixar sen efecto a declaración de ben de interese cultural elevará ó Consello da Xunta de Galicia a proposta de acordo neste sentido. Este acordo seralles notificado ós interesados e del remitirase copia ós rexistros especificados no artigo 7º, apartado 1, do presente decreto, cancelándose a inscrición no Rexistro da Propiedade mediante a presentación da correspondente certificación administrativa expedida para o efecto pola Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental.

318

## Artigo 12

Os propietarios ou titulares de dereitos reais sobre un ben de interese cultural ou, se é o caso, os concellos dentro do seu termo municipal, velarán pola salvagarda e protección do devandito ben.

## Artigo 13

- 1 Créase na Consellería de Cultura e Xuventude o Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia, que terá por obxecto a anotación e a inscrición dos actos que afecten a identificación e a localización dos bens declarados de interese cultural de Galicia.
- 2 O Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia estará adscrito á Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental da Consellería de Cultura e Xuventude.

## Artigo 14

- 1 A cada ben inscrito no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia daráselle un código para a súa identificación.
- 2 Anotaranse no citado rexistro, ademais dos datos recollidos no extracto do expediente de declaración, todos aqueles descritos no Real Decreto 111/1986, de desenvolvemento parcial da Lei 16/1985.
- 3 Calquera inscrición relativa a un ben que sexa efectuada de oficio seralle notificada ó seu titular.
- 4 O Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia dará fe dos datos consignados nel para os efectos previstos na Lei 16/1985.

## Artigo 15

Será precisa a autorización expresa do titular do ben declarado de interese cultural para a consulta pública dos datos contidos no rexistro relativo a:

- §13º
- a. Situación xurídica e valor dos bens inscritos.
  - b. Localización, no caso de bens mobles, sempre que pola administración competente se dispensase totalmente da obriga de visita pública.

## Artigo 16

A pedimento do propietario ou titular de dereitos reais sobre un ben declarado de interese cultural, ou se é o caso, do concello interesado, o Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia expedirá certificación sobre o devandito ben, na que se reflectirán os actos xurídicos ou artísticos efectuados no devandito ben.

## Disposición derogatoria

Quedan derogadas tódalas disposicións da mesma ou inferior categoría que se o poñan, total ou parcialmente, ó disposto no presente decreto.

## Disposicións derradeiras

### Primeira

Facúltase o conselleiro de Cultura e Xuventude para dicta-las normas de desenvolvemento e execución deste decreto.

**Segunda**

O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.